

## NOME DA ACTIVIDADE

- **Buscando o consenso**

## TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

## NIVEL

- **B2**

## PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN PARELLAS**

## DURACIÓN

- **MÁIS DE 40 MINUTOS**

## CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- A negociación mediante o diálogo

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado sexa quen de desenvolverse nun diálogo.
- Que o alumnado sexa quen de reaccionar nunha situación en que debe negociar coa palabra.

## ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- O docente pode botar man de calquera outra situación similar a estas se o grupo é moi grande e non quere que diferentes grupos fagan a mesma.
- O docente debe especificarlle ao alumnado que o importante non é como se remate a disputa, senón como defenden a súa actitude ante ela.
- Todas as situacións que se propoñen teñen un elemento en común: prodúcese un enfrontamento verbal entre dúas persoas pero mentres unha delas intenta solucionar a outra non dá entrada en razón.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente dividirá o alumnado en parellas, a cada unha delas asignaráselles unha situación que deben resolver seguindo o guión.

### Situación 1

- Personaxe A: Estás nunha sala de espera e levas unha chea de horas agardando a túa vez para entrar ao médico. Alguén que acaba de chegar intenta persuadirte para que o deixes pasar. Ti non vas ceder e fas por explicarlle amablemente que debe agardar a que lle toque.
- Personaxe B: Estás nunha sala de espera para o médico, acabas de chegar, pero queres entrar xa. Intentas persuadir a unha persoa que está tamén na consulta, pero non tes ningunha razón de peso para que che ceda a súa vez. Con todo, insistes moito e ata te pos desagradable.

### Situación 2

- Personaxe A: Estás nunha reunión na que tes que expoñer o traballo do último semestre. Cando estás a piques de comezar un compañeiro acúsate de que lle roubar o material para facer a presentación. Ti amablemente intentas que entre en razón e que o falades en privado.
- Personaxe B: Estás nunha reunión na que alguén vai expoñer o traballo do último semestre. Cando lle ves o material pareceche que os datos que vai expoñer son teus e montas en cólera, e aínda que en realidade non estás seguro non queres dar o brazo a torcer.

### Situación 3

- Personaxe A: Estás no xardín da túa casa xogando co can cando o veciño do lado te asalta acusándote de deixar o animal ceibo polas noites o que provoca que vaia facer buratos na súa parcela. Ti sabes que iso non é verdade e intentas explicarllo amablemente.
- Personaxe B: Acabas de saír ao xardín da túa casa, onde está o veciño xogando co can que cres que che escava o xardín polas noites. Non tes probas de que sexa este animal, pero estás tan convencido que discutes con el sen dar o teu brazo a torcer.

### Situación 4

- Personaxe A: Vas pola estrada no coche e esvárase nunha mancha de aceite, de xeito que non che dá tempo a frear e dálle ao coche que vai diante. Á persoa que vai no coche de diante non lle pasou nada e os danos materiais non son importantes, pero está moi alterada e acúsate de ir a demasiada velocidade e de conducir de xeito temerario. Intentas explicarlle amablemente cal é a realidade.
- Personaxe B: Vas pola estrada no coche e a persoa que vén detrás bate contra ti. Enseguida interpretas que foi polo exceso de velocidade, polo que cando ves que estás ben, baixas do coche e enfróntaste a ela duramente acusándoa do rápido que ía.